

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E UN DE XULLO DE DOUS MIL DEZASETE.

Na Casa do Concello de Valdoviño (no Salón de Sesións Plenarias) reúnese o día vinte e un de xullo de dous mil dezasete, a Corporación deste Concello con obxecto de celebrar a sesión de carácter ordinario mensual con comenzo ás vinte horas en primeira convocatoria. Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten os/as concelleiros/ concelleiras que se citan: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Jessica Sabín Fernández do (PSdeG- PSOE); don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG). Non asisten don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V) nen don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL).

Asistidos da secretaria titular do Concello, dona Carlota González Navarro.

Sendo a hora prevista, o Sr. Alcalde apertura a sesión para abordar os asuntos contidos na Orde do Día da convocatoria, que se pasan a consignar e adoptándose os acordos seguintes:

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA ANTERIOR, CELEBRADA EN DATA 16 DE XUÑO DE 2017.-

Os concelleiros asistentes á sesión aprobaron en votación ordinaria e por unanimidade o borrador da acta precitada.

2º.- APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 3/2017.-

“PROPOSTA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 3/2017

//Ditaminada favorablemente en comisión informativa de Planificación territorial e Xestión Administrativa en sesión de data 17.07.2017/

En aplicación do artigo 60.2 del Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquer causa, non fosen liquidadas

naqueles aos que correspondía, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación orzamentaria específica.

Tendo en conta ademais que, neste caso concreto, é posible a súa realización con cargo ás Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación, do vixente orzamento xeral da corporación para o exercicio 2017.

PROVEEDOR	Nº FACTURA DATA	IMPORTE (EUROS)	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
DISPOSITIVOS DE SEGURIDAD Y CONTRAESPIONAJE, S. L. L.	DSC/161293 04/11/2016	150,00	SUMINISTRO DE ZAPATOS PARA POLICÍA LOCAL	132.22104
REPUESTOS EIRANOVA, S. L.	T. 119840 20/10/2016	71,75	LABORES DE MANTEMENTO DE VEHÍCULO MUNICIPAL	1532.21300
TAX CONSULTING PANTIN, S. L.	EMIT-15 17/03/17	2850,76	HONORARIOS ASESORÍA LABORAL DURANTE O ANO 2016	920.22799
TAX CONSULTING PANTIN, S. L.	EMIT-14 17/03/2017	2584,56	HONORARIOS ASESORÍA LABORAL DURANTE O ANO 2015	920.22799
RUBÉN CASAL ARZUAGA	4 10/04/2015	3448,50	ALUGUER DE CARPA EN EVENTO DE COMIDA DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS EN LG. DE VILARRUBE	430.227499
RUBÉN CASAL ARZUAGA	8 08/05/2015	968,00	ALUGUER DE CASTELOS, TOURO MECÁNICO E EQUIPO DE SON POR CELEBRACIÓN DE ENTROIDO 2013	430.227499
RUBÉN CASAL ARZUAGA	9 08/05/2015	181,50	ALUGUER DE VALADO PARA CELEBRACIÓN DE EVENTO BAIXADA DE CARRILANAS ANO 2014	430.227499
RUBÉN CASAL ARZUAGA	10 08/05/2015	1210,00	SERVIZO DE ANIMACIÓN E ATRACCIÓN INFANTÍS EN NADAL ANO 2013	430.227499
RUBÉN CASAL ARZUAGA	11 08/05/2015	1936,00	ALUGUER DE CARPA, ESCINARIO, CADEIRAS E SERVIZO DE CALEFACCIÓN POR CELEBRACIÓN DE ENTROIDO ANO 2014	430.227499
RUBÉN CASAL ARZUAGA	12 08/05/2015	1210,00	CELEBRACIÓN DE EVENTO DE BAILE INFANTIL EN PAVILLÓN DE MEIRÁS DURANTE O ENTROIDO ANO 2014	430.227499
		14611,07		

Visto e considerando o informe emitido polo interventor accidental de data 11 de xullo de 2017 e considerando que os gastos recollidos nas facturas e demais documentos acreditativos do gasto realizado que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que foron efectivamente ordenadas pola administración, foron executadas a satisfacción deste e os seus prezos se axustan ao pactado e ao mercado.

Atendendo ao exposto, proponho ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo interposto polo Interventor accidental de data 11 de xullo de 2017.

SEGUNDO- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos nº 3/2017 e ordear o seu pagamento por importe de 14.611,07 euros correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran nos seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

1.- Relación de facturas F/2017/15 por importe de 14.611,07 euros e que empeza pola factura nº Emit-14 de data 17/03/2017 de TAX CONSULTING PANTÍN, S.L. e acaba pola factura nº 4 de RUBÉN CASAL ARZUAGA.

TERCEIRO.- Aplicar con cargo ao orzamento do exercicio 2017 os correspondentes créditos por importe de 14.611,07 euros imputándoos ás aplicacións correspondientes segundo o sinalado no propio listado de facturas.

Valdoviño, 11 de xullo de 2017
El Alcalde:
D. Alberto González Fernández”

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión aprobou a anterior proposta de Alcaldía.

Votos favorables do grupo municipal do PP e do BNG. Abstención do PSdeG-PSOE.

Os concelleiros de CENVAL e UNIDOS POR VALDOVIÑO nons asistiron á sesión plenaria.

3º.- PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

/Ditaminada favorablemente en comisión informativa de Planificación territorial e Xestión Administrativa en sesión de data 17.07.2017/

Proposta de Alcaldía:

“1.- Vista a necesidade da contratación do Servizo de Axuda no Fogar deste Concello motivada polo seguinte:

1.1.- Caducidade do último contrato asinado para a prestación deste servizo.

1.2.- Necesidades administrativas:

As competencias na materia de servizos sociais, como o resto das locais, determinanse por Lei (ex artigo 25.2 LBRL), que será ben do Estado ou das Comunidades Autónomas, segundo a distribución constitucional de competencias, en atención ás características da actividade pública de que se trate, á capacidade de xestión da Entidade Local e de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia e coa estrita suxección á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (ex artigo 2 LBRL).

O artigo 25.2 e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, en diante LBRL, reconece aos Municipios para a garantía do principio de autonomía local, competencias para a avaliación e información de situación de necesidade social e a atención inmediata a persoas en risco de exclusión social.

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe a esta Comunidade Autónoma no seu artigo 27.23º as competencias en materia de asistencia social, en exercizo das cales, o seu Parlamento aprobou a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais. No artigo 60.1.a) desta Lei, se preceptúa que corresponde aos Concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais a competencia para crear, xestionar e manter os servizos sociais comunitarios básicos. Esta competencia, segundo reza o apartado segundo, exercerase polos concellos, por sí mesmos ou asociados, a través das fórmulas de colaboración interadministrativa, a fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade dos recursos dispoñibles.

Así mesmo, no seu artigo 62 garántese a todas as persoas, con independencia da súa residencia en calquera concello de Galicia, unha oferta pública de servizos sociais mediante a prestación, polo menos duns servizos comunitarios básicos de titularidade municipal.

Dentro pois deste marco competencial e de acordo coa lei sectorial correspondente, o Concello de Valdoviño xestiona de forma directa (ex artigo 85.2 a. LBRL), uns servizos sociais comunitarios, públicos e básicos de titularidade municipal, que dada as particularidades e esixencias do servizo, así como a inexistencia de persoal propio cualificado para iso e a imposibilidade de novas incorporacións en atención ás restricións derivadas da lexislación de orzamentos do Estado, fai precisa a colaboración dun terceiro, mediante o oportuno contrato de servizos do TRLCSP.

1.3.- Necesidades técnicas:

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, dos Servizos Sociais de Galicia.

- Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.
- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e o Decreto 184/2014, do 6 de novembro polo que se modifica.
- Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira dos servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento e o seu custo.
- Orde do 19 de abril do 2013 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro.
- Orde do 31 de maio do 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.
- Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Valdoviño (aprobada no Pleno do 15/04/2016 e publicada no BOP núm. 138 do 21/07/2016).

2. Vistos os documentos iniciais elaborados coma borradores dos pregos e corrixidos posteriormente por parte do persoal técnico e constando os pregos de prescricións técnicas particulares e os os pregos de prescricións administrativas particulares definitivos que se adxuntan.

3. Vistos os informes presentados:

- 3.1. Informe-proposta licitación do servizo de axuda no fogar do cálculo do valor estimado da duración do contrato.
- 3.2. Modificación do Informe-proposta licitación do servizo de axuda no fogar do cálculo do valor estimado da duración do contrato.
- 3.3. Informe xustificativo da técnica de servizos sociais correspondente para a contratación da prestación do servizo de axuda no fogar (xustificación da necesidade, solvencia técnica e económica e criterios de adxudicación).
- 3.4. Prego de prescricións técnicas para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Valdoviño.
- 3.5. Prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de contratación dos servizos de axuda no fogar do Concello de Valdoviño.
- 3.6. Informe de intervención para a contratación sobre fiscalización.
- 3.7. Informe de Secretaría sobre a adecuación e legalidade dos pregos.

4. Vista a necesidade de tramitar o expediente pola vía ordinaria dentro do exercizo 2017.

Unha vez engadidos os ditos ifnormes, propóñense ao Pleno os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexerán o presente contrato e aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto e varios criterios de adjudicación, do contrato de servizo público de axuda no fogar, na modalidade de xestión directa.

SEGUNDO. Publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Perfil do Contratante e no Diario Oficial da Unión Europea o anuncio de licitación, para que durante o prazo de **40 días naturais** podan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

Valdoviño, a 12 de xullo de 2017

O alcalde,

Alberto González Fernández”.

DEBATE

Comenta o Sr. Alcalde que se fixeron as valoracións e informes polos técnicos municipais sendo o importe do servizo de Axuda no Fogar moi elevado, que implica a necesidade da súa aprobación polo Pleno da Corporación.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade aprobou a proposta anteriormente reproducida, para levar a cabo a contratación do servizo de Axuda no Fogar do Concello.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º.- DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DA ALCALDIA (EMITIDOS DENDE O 10/06/17 AO 14/07/17).-

De conformidade co artigo 42 do ROFRXEL deúse conta ao Pleno da relación de decretos ditados entre as datas 10/06/2017 e 14/07/2017, ámbalas dúas incluídas comprendendo os decretos números do 210 ao 288/2017.

O Pleno tomou razón.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Vigo Lago, solicita copia dos decretos núms: 231/2017- 251/2017 -273/2017.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Sr. Ameneiros Serantes.- Interesase polas seguintes cuestións:

.- Socorrismo en praias

Explica o Sr. Alcalde que está contratado o servizo de socorrismo nas praias, e que non coñece queixas do servizo. Que ás empresas lles é complicado conquistar socorristas.

Sr. Ameneiros.- O Concello ten que cumprir e facer cumprir ás empresas co contrato. O problema é a aplicación do Convenio Galego ou Estatal para os traballadores.

.- Tardanzas das citas do SERGAS.

Solicita se remita escrito ao SERGAS para que expliquen a tardanza en dar as citas das análises no Centro de Saúde de Valdoviño

Sr. Alcalde.- Comprometome a facer o escrito. Hai moitos desprazados neste tempo en Valdoviño en non dan atendido a xente.

.- Advirto de que traballadores do Concello solfatan as beirarrúas a sen vestiario adecuado.

Sr. Alcalde.- Teñen orde de non solfatar.

.- Auditoria alumeado público.

Na anterior lexislatura fixose unha auditoría sobor do alumeado e quixera saber o autor da mesma.

Sr. Vigo Lago.- Non o lembro neste intre, cho comunicarei, pero de todos os xeitos a auditoria atopase no Concello. Nesta auditoria están incluso xeoposicionados os puntos da luz.

GRUPO MUNICIPAL DO PP

Sr. Vigo Lago.- Interesase polas seguintes cuestións:

.- Servizo de banda longa en Vilaboa, sobor da que preguntou no pleno pasado.

Sr. Alcalde.- É unha empresa da que non lembro o nome. Hai varias que solicitan o uso do Coto e das instalacións municipais dos postes.

.- Subasta de “Viacor”

Sr. Alcalde.- Había unha subasta de bens de Viacor en Narón. Se nos comunica a nós, a Valdoviño, porque o Concello é debedor de mil e pico de euros polo IBI.

.- Verquedoiros incontrolados; sobre o que falou no anterior pleno.

Sr. Alcalde.- Se vai informar estes días pola empresa. Estamos desbordados nisto dos depósitos ilegais.

Sr. Vega Fernández.- Levanse miles de kilos recollidos, en maio por exemplo levaronse a cabo 6 xornadas de recollida con máis de 30.000 kilos.

.- Vehículos abandonados.

Anuncia a existencia dun vehículos abandonado hai tempo en A Torre-Lago.

.- Limpeza de cunetas.

A xente queixase reclamando a limpeza de cunetas en varios lugares (por exemplo para a festa de Loira non se limparon).

Sr. Alcalde.- Faise por parroquias, non cando son as festas. Pasouse por todas as parroquias pero hai que darlles outra volta.

Sr. Vigo Lago.- Por exemplo é importante limpar as zonas do camiño de San Andrés.

Sr. Vega.- Se limpou.

Sr. Vigo.- Me refiro á zona do lugar de A Pena ao lugar de Pazos.

Sr. Alcalde.- Este problema xurde en todos os Concellos, non se da limpadado todo.

Sr. Vigo.- Hai diversos escritos en rexistro de entrada de petición de limpeza de camiños.

Sr. Alcalde.- Ao millor son camiños que levan máis de trinta anos sen abrir e o piden agora, coma ocorre cun sito en Lago.

.- Cámara Agraria.

Sr. Alcalde.- Concederonnos a licenza para o derrubo do edificio.

.- Limpeza contenedores.

Sr. Vega.- A empresa estaos limpando.

.- Reclamacións de responsabilidade patrimonial por accidentes que figuran en rexistro presentadas polos interesados (por exemplo un acontecido en Meirás). ¿Estanse atendendo?

Sr. Alcalde.- Algunhas sí.

Sra. Secretaria.- Hai que ver cada caso en particular ao tramitar os expedientes. Algunhas son debido ao mal estado da calzada pero outras poden ser por causas alleas ao Concello.

Sr. Alcalde.- A instrución do Concello é que non se coloquen lousetas.

.- EDAR.

Sr. Alcalde.- Vostede, Sr. Vigo fixo solicitude para coñecer parámetros de verquidos no 2015. Pero é preciso a mellora da explotación por parte da concesionaria. Hai unha empresa que fai auditoria de “Aquagest”.

.- Sr. Rodríguez Fernández (grupo municipal PP).

.- Antigo verquedoiro.- ¿Fixeron os controis periódicos? Hai que ver a data de remate da obriga de realizar eses controis.

Sr. Alcalde.- No último informe estableciase que se estaba nunha etapa preto do final.

Sr. Vigo Lago.-

.- No DOG nº 135 do 17.07.17 publicanse axudas para rehabilitacións dos locais de escolas.

Sr. Alcalde.- Sí, para rehabilitación de escolas para antigos maestros. Pero nos temos todos os locais das escolas unitarias con usos.

.- A Consellería de Infraestruturas concedeu cantidades para equipamentos informáticos.

Sr. Alcalde.- Sí. Tamén o Fondo de Compensación Ambiental ten subvencións; para prestacións no campo do fútbol, custos de persoal, mantemento de estradas concederonnos case 10.000 euros. A de Concellos turísticos, no entanto, non a concederon sendo importante o turismo neste Concello.

.- Rogo se contemple a viabilidade de merca do solar que está enfrente do Concello que se atopa en venda. Sería bo para o Concello.

Sr. Alcalde.- Sí, pero hai outras prioridades.

Sr. Ameneiros.- Sí, por exemplo que Valdoviño conte cun parque en zona céntrica.

Non tendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte e unha horas e quince minutos, a sesión ten o seu remate e o Sr. Alcalde levanta dita sesión, da que, como Secretaria municipal, redato esta acta e CERTIFICO o seu contido.

A secretaria,

O alcalde,